



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2020

**LUCÍA ALDAO
TODO ISTO ANTES ERA NOITE
(CORUÑESA)**



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg-gal



Deputación
DA CORUÑA

Todo isto antes era noite (coruñesa)

“O bo dos libros de poemas é que adoitan ofrecer numerosas lecturas, case tantas coma lectoras hai. Á poeta non lle queda outra que aceptalas e agradecelas todas, pero pode que nalgunha ocasión lle dean a oportunidade de contar a súa versión, a súa propia lectura do mapa. Chegado ese momento pode, incluso, que decida contar a verdade.”

Iso que les entre comiñas é o texto para promo que escribín na primavera de 2019 cando se me convidou a formar parte daqueles paseos literarios. É habitual que estes textos se pidan con apuro e, polo tanto, que se escriban tamén así, ás prásas e sen que unha teña aínda perfectamente definida na súa cabeza a actividade que vai ofrecer. Ben, tanto ten, que eu non teño que vir aquí a desculparme por nada, pero quería dicir que me deu un pouco de rabia, un pouco de vergoña allea (sendo eu mesma, a Lucía da primavera de 2019, a persoa pola que sentila) falar de “verdade” tratándose de literatura. Esa “miña versión” xamais poderá conter máis verdade que a que contén calquera outra lectura da lectora que sexa, sexa o que sexa a verdade e se hai a quen lle interese tal cousa, vaia. E sobre todo, calquera información que eu poida achegar sobre os meus propios textos é tamén un relato construído, unha ficción. Pero, repito, non importa moito. Só un pouco.

Hoxe, sábado 5 de decembro de 2020, sentei a escribir isto mentres a miña esposa poética María Lado presentaba o seu novo e delicioso libro, *Gramo Stendhal*, nun directo de Instagram acompañada por Leticia Costas. A conversa tivo puntos súper interesantes, pero quero compartir con vós o momento no que María conta que moitos dos textos do libro son textos de reconciliación, textos escritos, por exemplo, a amizades que descoidou, a xente querida que xa non

está na súa vida... Pero María rapidamente aclara que esas son só as áncoras que o texto ten na vida real, e que todo o que sucede entre iso e o resultado, ou sexa o poema, é pura ficción, e que ninguén veña despois facerlle preguntas íntimas en entrevistas sobre o libro ou a dar por reais as vivencias que se extraen dos seus versos. E eu concordo, claro, pero tamén sinto que a distancia (disque enorme) que hai entre esa anécdota de partida que ancora no real, no vivido, e o poema final, ás veces é máis curtiña, cústame calcularlle a medida. Ás veces, só ás veces, percibir algo como vivido interpélame de tal xeito que fai que me custe aceptar que é un engano. Iso que lle permito ó cine, á novela, á publicidade ou ó típico colega fantasma, coa poesía fai que me poña un pouco máis exquisita, *repunanta*. Pero non pasa nada. Nunca me gustará máis un poema pola veracidade dos seus versos, é imposible saber dela. Tanto ten. Moléstame cheirar a impostura, tamén cho digo. Ai, o último que quería eu agora era citar os trilladísimos versos de Pessoa, os do poeta que seica finxe a dor que de veras sente. Que pesado. E que pesada eu. Desculpas.

Teño que explicar que o “paseo literario” que propuxen parte do libro que publiquei coa editorial Apiario a finais de 2018, *Todo isto antes era noite*. Ese libro contén poemas dos últimos dez anos, máis ou menos, e en ningún momento os concibín como conxunto, como libro, por iso é importante comentar que a estrutura que ten o poemario, as seis partes nas que se divide, é unha ruta trazada adrede para encaixar nela uns poemas ou outros. Por suposto que os textos gardan relación entre eles, e tanta!, pero vin necesario e bonito facerlles unhas caixiñas e nomealas.

Foi facilísimo imaxinar o paseo literario que propuxeran para o convite de AELG, xa que esas caixiñas que digo que ten o libro levan por título nomes de locais nocturnos, prazas ou rúas coruñesas.

Agora dáme a risa cada vez que penso na cantidade de cousas ás que lle din mogollón de importancia no proceso de confección do libro, pero recordo perfectamente que para min era crucial que esas divisións, esas etiquetas que ían amparar os poemas tiñan que ter unha relación

especial con eles, tiña eu que dalas por ben xustificadas. Así que imaxina a alegría cando nunha tarde de traballo con Yolanda Castaño (editora na sombra do libro de marras) xurdiu a idea de nomear as partes do libro con nomes de garitos, prazas e rúas. Era perfecto. Eses lugares aparecen no libro con toda xustiza xa que foron, sen dúbida, escenario dos propios textos. Ben, das vivencias que deron pé a eles. Atención en como escoro constantemente cara o temiña co que inicio este escrito.

Queda claro entón que o mesmo libro xa contén a ruta que iamos seguir nese paseo, non? O que fixen foi reducila a só tres paradas para non aburrir ó persoal, xa que é certo que os espazos escollidos teñen máis valor simbólico e emocional que outra cousa. Que neles non hai bustos, fachadas ou acontecementos históricos que comentar, vaia.

Hai uns días busquei e atopei o guión que escribín para apoiar o discurso naquel paseo literario, pero dáme un pouco de peniña non ter máis fresco o recordo daquela mañá porque, coma sempre, houbo unha parte importante de improvisación, por un lado, e outra parte máis importante aínda, tamén improvisada, que bebe directamente do que experimentan o corpo e a memoria ó reencontrarse con certos espazos, do tipo de relato que xorde dese momento. Isto debe ser algo que me interesa, que me fai graza e me resulta tremendamente inspirador. De feito, algo semellante fixen para outra proposta de AELG un par de anos antes: un roteiro literario que titulei *1º de poeta*, no que levei ás persoas asistentes ó cole no que estudei de pequena. O plan era rescatar da memoria e compartir as primeiras experiencias relacionadas coa literatura. Foi un sábado de mañá. Días antes fora entrevistarme co conserxe para pedirlle o favor de abrirme o centro ese día. Foi moi xeneroso, tiven moita sorte. Quixo tamén ensinarme o edificio, porque comentei que había mil anos que non o pisaba, pero díxenlle que mellor non. Era bo para o tipo de relato que eu quería ofrecer entrar de novo, trinta e pico anos despois, na que fora a miña aula de

1º de parvuliños xunto coas persoas que viñeron escoitarme ese día. Para min foi máxico e sería xenial ter a certeza de que o meu relato rozou a altura daquela emoción.

Pero agora, ou sexa daquela, na primavera de 2019, o que propuxen visitar foron tres espazos nocturnos a plena luz do día (había un sol precioso) e o efecto recordaba a esa visita ó cole de cando eras nena: esa estrañeza, esa familiaridade rara, ese botón de rememorar pulsado.

A primeira parada do paseo literario foi na Praza do Campo de Artillería e alí recitei un par de textos da sección do libro titulada “Artillería”, que contén os poemas máis alegres, luminosos, ou como queiras expresalo. Mira que cousa tan evidente vou escribir: a ledicia, a festa, a risa, a música... son unha artillería estupenda para tumbar todo o feo que se nos poña diante. Aquela tarde de traballo con Yolanda da que falei antes, charlando sobre este momento do libro pronunciamos a expresión “pólvora que arde no desexo”. E deunos a risa, claro.

Nesta parada recordo que lle comentei ó público que ía intentar falar de cousas das que aínda non falara, cuestións máis ou menos chorras desas que esqueces comentar nas entrevistas porque son súper repetitivas e xa pos o automático para responder. Contei un montón de veces, por exemplo, que me custou moitísimo atopar un título que me gustase para o libro, e que ese *Todo isto antes era noite* xurdiu nunha conversa con Xabier Cordal. Quedeille tan agradecida, celebrei tanto aquel xantar revelador, que cando alguén preguntaba polo título do libro xamais se me ocorreu comentar que houbo dúcias de opcións previas, case todas terribles, e que ningunha se agarrou o suficiente á miña peneira ou á das miñas editoras. Menos mal. Pasei unha semana emperrada en titulalo *Zulo*, pero creo que debeu ser unha proxección do estado da miña creatividade aqueles días. De *Zulo* pasei a *Leliadoura*. Atención ó nivel de pedrada na cabeza co que estaba eu batallando. Ías facer un cocido para comer pero finalmente decidiches abrir unha lata de espárragos. Que conste que algo farei algún día chamado así, *Leliadoura*, que é a expresión enigmática que emprega Pedro Eanes Solaz nunha das súas cantigas e que pode que signifique algo tan marabilloso como: tócame

a min. Váleme o mesmo para título, que para tatuaxe, que para nota que deixas ó perpetrar unha vinganza. Por non falar do temacísimo que se marcou Amancio Prada ó musicala, que aínda me pon os pelos de punta tres millóns de escoitas despois.

No meu afán por quitarlle ferro ó libro, pasei outra semaniña intentando sacar un título daquela fermosa frase de Horacio inspirada nunha fábula de Esopo: *Parturient montes, nascetur ridiculus mus* ("*parirán os montes; nacerá un ridículo rato*"). Ou sexa, que se alguén agardaba algo grande dese libro xa lle quitaba eu a idea desde o mesmo título. Ves? Os amigos titulan moito mellor que os medos e as inseguridades. Ademais a min sempre me quedaba latín para setembro.

En realidade a parada en Artillería acolleu dúas partes do libro, xa que ata esa praciña chega a Rúa da Independencia que da nome á parte do poemario que contén os textos que máis se centran na identidade, na autoafirmación. Pero a xustificación máis grande aquí é outra, amiga. Nesa Rúa Independencia é onde estaba o mítico Bar Juan e o libro débelle moito a ese lugar, tanto como lle debo eu ou tantas persoas que atopamos naquel espazo un recuncho de liberdade, un fogar seguro e cómodo onde poder ser (e estar) nun momento das nosas vidas onde non dependía só de nós ser aceptadxs e encaixar en calquera sitio. Recordo moitísimos momentos de absoluta felicidade coas amigas neses escenarios da noite: Bar Juan e Artillería, onde tamén se atopaba e atopa a Sala Mardigras, frenesí e funk.

Pechado o bar tirabamos sempre cara a praza a cambiar, só durante un anaco, o baile e o ruído pola cháchara e o aire libre. Pero non tardabamos en enfilarnos cara ao Velvet, outro garito xa desaparecido no que continuabamos a festa que agora xa se tornaba máis escura, chea de trampas. Para chegar ata alí seguimos aquela mañá a mesma ruta de tantas e tantas noites pasadas: Campo da Leña, Praza das Atochas, na que parabamos a rirnos da pose de Millán-Astray (sempre como mexando todo digno) e atravesar por último toda a rúa do lateral do cuartel ata

chegar ó garito en cuestión, situado ás portas da cidade vella. O libro ábrese cunha ironía: non hai moita suavidade de veludo neses primeiros tres textos da sección titulada “Velvet”. Recordo explicarlle ó atento público asistente que eses poemas de temática claramente amorosa estaban escritos desde as partes menos bonitas das historias íntimas, sen drama ou co drama xusto, vaia, porque iso son as relacións, dixeron: espazos de convivencia entre o mellor e o peor de nós mesmas. E aí debín abrírlle a ventá sen querer á intensidade, porque o seguinte que recordo daquela parada foi un *sincericidio* en toda regra: eu confesando a aquelas persoas tan amables que ese primeiro poema que abre o libro, dentro do apartado “Velvet”, foi escrito movida eu por un sentimento de vinganza. Hai que ser ben ruín. Tamén che digo que esta foi unha declaración absurda porque só eu sei que aí hai unha vinganza, vamos, que fun eu soa a que nun momento concreto da miña vida quixen montarlle un pollo a alguén e o único que fixen foi escribir ese poema. Xa ves, macarrísima. Esta segunda parada rematou co recitado de dous poemas. Gardo un recordo bonito do momento porque houbo un aumento de público en vertical, xente que saíu a escoitar polas fiestras das súas casas, nos edificios máis próximos. E tamén aplaudiron, integradísimos desde as alturas. Igual eran os mesmos veciños que chamaban á policía cando había un bar en vez de poesía. Os poemas, as rúas, as veciñas... todas teñen moitas caras. A verdade é que está ben coñecer algunhas.

Agora tocaba atravesar un pouco de María Pita e outro pouco da Mariña e estar atentas para non pasar de largo pola seguinte parada, a Ruela da Estacada. Nesa localización están tamén presentes dúas partes do libro: “Estacada”, que contén os poemas que recollen de xeito máis explícito a miña relación coa escrita, que é un lugar de acubillo entre outras cousas, e “Backstage”, club e mellor metáfora do que permanece oculto, do que non se ve mentres dura o espectáculo. Entre bastidores acontece case todo sobre o que paga a pena escribir. Recordo que falei diso, do escuro, pero non recordo, porque non está no guión, que xiro tiveron que facer para acabar con luz, con alegría, naquela mañá soleada que tanto a merecía. Recitei os poemas, claro, e fixemos fotos e

esas cousas. Recordo que tamén asinei libros, un deles á querida Mercedes Queixas, que levaba unha bolsa na que poñía *“Le e deixa ler”*. Vino nunha foto que atopei. Vexo noutra foto daquel día que eu levaba unha bolsa na que poñía *“La poesía no quiere adeptos, quiere amantes”*. Iso díxoo García Lorca. Pois mira, Federico, coma todas.

Lucía Aldao